



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL

16 NOV. 2000

Nº 5387

SAÍDA

Os alumnos que accedan ó segundo ciclo dos estudos de Xornalismo deben realizar os complementos de formación establecidos pola normativa vixente. Por motivos de organización de docencia, e dado o reducido número destes alumnos, as materias dos complementos de formación impártense xunto coas materias propias do plano de estudos.

Tendo en conta que o número de créditos das materias do plano de estudos é superior ó esixido como complementos de formación, estímase procedente recoñecer o exceso de créditos cursados e superados para ser imputados como libre elección.

POR TODO O INDICADO RESOLVO

Primeiro.- Os alumnos que accederon ó segundo ciclo de Xornalismo procedentes doutras titulacións e cursaron e superaron todas ou algunhas das materias de complementos de formación (plano 1999) que se relacionan na táboa, recoñeceráselles os créditos que por cada unha delas se indica para imputar a libre elección.

Segundo.- O recoñecemento dos créditos de libre elección realizarase baixo a denominación que se indica na táboa segundo os complementos de formación superados.

Complementos de Formación	Denominación do recoñecemento como libre elección	Número créditos
Métodos de Investigación/Técnicas de Comunicación Audiovisual	Ampliación de Métodos de Investigación/Técnicas de Comunicación Audiovisual	1
Teorías da Comunicación	Ampliación de Teorías da Comunicación	1

Terceiro.- O recoñecemento realizarase nas Unidades de Xestión Académica previa solicitude do alumno e no caso de que o alumno renuncie a este crédito de libre elección, procederáselle á devolución do seu importe.

Cuarto.- Non se producirá o recoñecemento cando os complementos de formación fosen validados.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2000

O RECTOR

(P.D.r.r. do 9 de novembro de 2000)

O VICERRECTOR DE RELACIÓNS EXTERIORES
E PROXECCIÓN UNIVERSITARIA



Fernando Domínguez Puente

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Información, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sra. Xefe do Servizo de Alumnado, Sr. Director do SEIN, Sr. Director do COIE, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Norte.